

PEZA DO MES

outubro

2020



VISTA DE PRAGA. VICENTE RISCO

XUNTA DE GALICIA



BOSQUEXO DA PAISAXE DE PRAGA. LAPIS SOBRE PAPEL. FUNDACIÓN VICENTE RISCO

Vista de Praga. Vicente Risco

O 30 de outubro de 1920 publícase en Ourense o primeiro número da *Revista Nós*. Cen anos dun fito que, dende o Museo, queremos lembrar a través do estudo dalgunhas pezas da colección que reflicten a inesquecible pegada que para a nosa terra, lingua, sociedade e cultura supuxo o traballo desenvolvido polos integrantes da Xeración Nós. Entre todos eles, tres ourensáns, Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, marcaron o camiño a seguir ás xeracións coetáneas e futuras dende un sentimento de creación. Cuevillas sistematizou o estudo da arqueoloxía de Galicia, Otero, para o coñecemento da xeografía da nosa terra engade Portugal, a meseta e Asturias e Risco é a figura multifacética do pensador, do guía que alumea e nos fai ver que «Galicia é un mundo» con personalidade propia. Convidáanos a «enxergar», a albiscar, a poñer os cinco sentidos no que nos arrodea porque é preciso coñecer as cousas para poder amalas e por conseguinte poder conservalas. E tamén coñecer as dos outros lugares como recolle no artigo «Cosmopolitismo y universalismo» en *A Nosa Terra*. A *Revista Nós* será o eixe vertebrador do mellor da intelectualidade galega para dar unha nova visión de Galicia que axude a conformar unha conciencia nacional galega ao tempo que se abre a Europa e ao mundo amosando a nosa cultura.

En maio de 1930 Risco, profesor da Escola Normal de Ourense é pensionado pola «Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas» para estudar Etnografía e Folclore co profesor Thurnwald

de Berlín durante catro meses, cunha asignación de 425 pesetas mensuais e 600 para viaxes de ida e volta. Como sinala Xosé Fernández no libro «*Vicente Risco. Mestre de mestres*» a ilusión de poder viaxar a un dos países máis solicitados polo seu prestixio científico, cumpríase. Ademais, como director da Sección Etnográfica do Seminario de Estudos Galegos ía visitar os importantes museos etnográficos de Berlín e Praga que lle darían ideas para a creación do Museo Etnográfico Galego que o Seminario estaba a pór en práctica polo que era interesante esa bolsa de estudos.

Do mesmo xeito que Castelao, que plasmou as vivencias da súa viaxe a Europa en *Diario 1921*, Risco, no libro *Mitteleuropa*, publicado en 1934, recolle a crónica de todo o visto, vivido e sentido na viaxe a Alemaña con calidade literaria e por riba de todo, con alma. Memorias que tamén publica de xeito intermitente na *Revista Nós* dende 1930 ata 1935 incluíndo a parte de Viena e Praga que non aparece no libro.

Risco é un eterno inadaptado, como debe ser todo creador. Viviu tempos conflictivos nos que sufriu como tamén sufriu nesa viaxe a centroeuropa na que debido á mala organización non puido ver o profesor Thurnwald, que marchara para África. Para máis desencanto, a Alemaña que atopa decepción e láíase do comunismo reinante. Chega ata a arrepentirse da viaxe e recordar con morriña e soidade o seu fogar onde o agardan a



VISTA ACTUAL DA TORRE DA AUGA DE PRAGA. CC BY-SA 3.0ZOBRAZIT PODMINKY

súa muller e o pequeno Antón. Así e todo, pode contactar con varios profesores e investigadores, asistir a conferencias e visitar museos e bibliotecas dándonos de todo isto detallado relato. Con agarimo describe a estancia en Praga e Viena onde as rúas vellas turran por el e admira como alí conservan os nomes antigos (rúa dos Panadeiros, Curro da Herba) que dan distinción ao evocar a vida pretérita e quixera o mesmo para a súa cidade: «Crar'está que para min teñen máis evocación istes nomes e pol o tanto máis poesía, qu'os nomes de batallas e d'homos ilustres; mais para iso son un ente estrafalarío, aunque precure as veces non parecelo».

Nesa viaxe a Praga, Risco debuxa o bosquexo a lapis, xerme e inspiración para esta pequena acuarela, que o Museo conserva nos seus fondos, dunha fermosa paisaxe á beira do río Moldava. El mesmo a describe neste fragmento publicado na *Revista Nós* en 1934: «Un pouco mais enriba, hai un muro que domiña a corrente, e abaixo hai arbres e jardín. Asomado alí, sentado no bancal de pedra, ollando pra a corrente azul, pr'as casas da outra banda, cheas de sol, por antre as que franqueábanse mouras e sombrizas as súas travesas, víñanme dúas tentacións difrentes: deixar vagariñal-o espírito por onde fose, ou apañar lembranzas pra o día de mañá. As dúas cousas eran boas, a primeira menos traballosa, mais ao que eu viñera era á segunda. Pra matinar pra contra min, terá, se cadra, despois toda a vida; pra encherme do engado de Praga, seguramente non terei mais qu'esta ocasión.

Obedecín. Abrín a mappe e tirei papel e lápiz. Tiña de fronte unha torre antiga con cúpula ceboleira de bronce verde. A vida desafiaba pol-a ribeira oposta. Un edifizo estilo moderno ao pé da torre. No longe, erguéndose por riba das casas, por antr'un mesto

e verde arboredo, as agullas d'unha eireja ojival. Agora poderei lembrar aquilo d'uns apuntes collidos por min».

A Torre de Auga, chamada en checo Šítkovská, é un monumento histórico construído para abastecer de auga as fontes da cidade. A primeira referencia á torre é de 1489, cando a construción orixinal de madeira estaba sendo reparada despois dun incendio. A Torre de Auga actual está feita de cantos de arenita, ten planta cadrada e mide 53 metros de altura. A fachada exhibe unha estrutura de cinco andares, pero vista dende dentro ten oito; dous deles, secretos. É un efecto que se logrou coa disposición das cornixas. Talvez por isto a torre esconde unha interesante historia pois empregouse durante case dúas décadas como centro de espionaxe. Ao seu pé había unha serie de muíños tamén chamados Šítkovské, cuxo nome deriva do do seu propietario, Jan Šítka. Mantivéronse ata 1928, ano no que foron destruídos. Nese lugar construíuse en 1930, o edificio funcionalista Mánes, cunha interesante galería de arte e restaurante que axiña se converteu nun punto de encontro da elite política e artística de Praga.

Risco debuxouna no mesmo ano que se inaugurou dun xeito sinxelo e limpo, sen adornos nin pretensións artísticas. Decía «*non importa ter técnica, o importante é ter alma*» e el, como home dos «bos e xenerosos» agasallounos cos seus pensamentos, inquedanzas e vivencias máis íntimas na súa exquisita literatura. Retratou con agarimo aquilo que o emocionou para transmitirnos a paisaxe que el recordaba para nós descubri-la, pois dende calquera recuncho pódese «enxergar» o universo para así amalo e conservalo dentro de cada un de nós.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA